

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD, LA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE Y PALIATIVOS SIN FRONTERAS PARA EL DESARROLLO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN ASISTENCIA PALIATIVA EN NIÑOS Y ADOLESCENTES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizaron o día 03.01.2025 coa ONG *Paliativos sin fronteras*, o instrumento convencional arriba referido, o cal estenderá a súa vixencia durante catro anos, susceptibles de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco de colaboración estable entre as partes asinantes naquelas materias que teñan relación cos Cuidados Paliativos Pediátricos e, especialmente, naquelas referidas á formación de profesionais e formación para cuidadores de pacientes que contribúan á promoción e mellora da saúde da poboación.

Paliativos Sin Fronteras é unha ONG que traballa na formación de profesionais que desenvolven as súas funcións no eido dos cuidados paliativos, alivio da dor e a prevención da morte prematura tanto en España como en Iberoamérica e África. Entre os seus fins atópase o de fomentar a colaboración con entidades públicas potenciando o desenvolvemento de actividades formativas e culturais de cooperación e voluntariado dos/as profesionais sanitarios/as, co convencemento de que iso reverterá en beneficio do conxunto da sociedade. Mellorar os cuidados paliativos pediátricos aos/ás pacientes, en especial a aqueles/as que teñen unha expectativa de vida limitada ou cuxa existencia atópase en perigo, con alteración do seu benestar, é unha necesidade cada vez mais demandada pola poboación.

A través do convenio marco de colaboración asinado trátase de potenciar o desenvolvemento de accións conxuntas que permitan afondar na mellora dos cuidados paliativos pediátricos, as cales serán obxecto de definición e concreción mediante os convenios específicos que nun futuro poidan formalizarse.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses



converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

